



CONCELLO DA MEZQUITA

BANDO

AXUDAS EDIFICACIÓNS POBOS CAMIÑO SANTIAGO (A CANDA, VILAVELLA E O PEREIRO)

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que no DOG nº 12 de 20/01/2025 o INSTITUTO GALLEGO DE LA VIVIENDA Y SUELO publicou a *RESOLUCIÓN de 30 de decembro de 2024 pola que se convoca o Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e da Ribeira Sacra para o ano 2025 (código de procedemento VI408Q)*.

Beneficiarios: As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal. As agrupacións de persoas propietarias. As persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de edificios ou vivendas.

Requisitos:

- Estar en posesión da cualificación definitiva das obras
- Vivendas unifamiliares rematadas antes de 2006
- O 50% da superficie construída sobre resante teña uso residencial.
- Licencia municipal de obras ou comunicación previa.
- Proxecto de execución ou memoria técnica asinada por técnico competente.
- As obras non poderán estar iniciadas antes do 1/01/2025

Actuacións subvencionables (artigo sexto da citada Resolución)

- As actuacións de rehabilitación que teñan por obxecto:
 - Actuacións destinadas a garantir a seguridade.
 - Actuacións destinadas a garantir a protección fronte a agua e humidade
 - Actuacións destinadas a garantir as condicións de salubridade da vivenda
 - Actuacións destinadas a adecuar, total ou parcialmente, á normativa vixente as instalación dos edificios e vivendas.
 - Actuacións destinadas a mellorar a protección fronte ao ruído.
 - Actuacións destinadas a garantir que as edificacións cumpran as condicións de ornato público, adecuación ao entorno e protección do patrimonio cultural e paisaxístico.
 - Obras para mellorar as condicións de accesibilidade dos edificios e accesos a vivendas e locais.
- Actuacións de renovación que teñan por obxecto a construción de edificios e vivenda ou vivendas de nova construción, en substitución de edificios ou vivendas previamente demolidos.

Contía de subvención: entre o 50%-75% ata 12.000 €

Prazo: dende o 27 de xaneiro ó 27 de Febreiro 2025

Enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250120/AnuncioC3Q2-080125-0005_gl.html

En A Mezquita, a 20 de xaneiro de 2025.
O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

